

Cooperar significa ter máis forza

Láminas 3 e 4

Cooperar significa tamén unírmonos para confrontarmos os nosos retos. O que de forma individual somos incapaces de facer ou de superar, cando nos unimos pode estar ao noso alcance. Por iso, a cooperación potenciananos, dámos máis forzas.

Obxectivos

Experimentar a cooperación como fonte de capacidade para se enfrontar aos retos: o que sós non somos quen de conseguir, podémolo lograr cooperando con outros.

Tomar conciencia de que moitas necesidades propias témolas en común con outras persoas, e podemos tamén resolvelas en común.

Proposta de dinámica: o ere

Trátase de ir *incorporando persoas a un grupo perseguidor*.

- *Recursos necesarios*: un espazo delimitado no que se desenvolverá o xogo.
- *Desenvolvemento*: unha persoa, o *ere*, persegue os demais. Cando toca outra persoa, esta incorpórase ao *ere* e as dúas, agarradas das mans, seguen perseguindo as demais. O proceso continúa ata incorporar todas.

Traballo de reflexión e avaliación

Que diferenzas había, ao principio e ao final, na dificultade para conseguir tocar alguén?

Como nos sentimos cando estamos nun grupo grande?

E como cando estamos nun máis pequeno e feble?

Que foi o que máis nos gustou do xogo?

Que relación hai entre o xogo e o que pasa nas láminas?

Fonte: Seminario de Educación para la Paz. Asociación Pro Derechos Humanos. "La alternativa del juego [2] Juegos y dinámicas de educación para la paz". Ed. La Catarata, Madrid, 2003.



Un ser abusón asoballa os cativos (Lámina 3)

Un ser abusón asoballa os cativos aproveitando que os atopa de un en un. Hai tres escenas distintas na mesma lámina. Nunha delas este ser quítalle a merenda a unha nena, cando están no recreo, no patio do colexio. Noutra escena pégalle un susto a un neno cando vai baixando as escaleiras do colexio. Na terceira escena, no baño do colexio, córtalle o paso a unha nena que quere ir ao váter.

En todos os casos, os cativos están profundamente contrariados e alienados ante este ser, que se amosa malevolamente divertido e fachendoso do seu poder. As nenas e o neno están impotentes, claramente cos seus corpiños miúdos e co efecto paralizante do factor sorpresa, non poden máis que someterse á burla e á humillación deste ser abusón. Están, por tanto, empequeñecidos e alienados.

Nota

Falo dun ser porque non ten que ter necesariamente forma humana. Os cativos destas idades están cargados de fantasía e tamén de medos (de aí o éxito dos contos de lobos que comen a carrapuchiña, o sacaúntos e demais). Por outra parte, tamén é certo que o abuso dos maiores aos pequenos, dos fortes aos febles, dos seguros aos acomplezados, etc. é un dos conflitos máis presentes no día a día da vida dos nenos e das nenas na escola.

En todo caso, non se trata de facer demasiado fincapé e detalle no ser en si, senón máis ben na sensación de debilidade e vulnerabilidade que lles provoca aos cativos. É no cambio de actitude deles no que se transmite que efectivamente cooperar nos dá máis forzas.



Un grupo de cativos enfróntase ao ser abusón (Lámina 4)

Un grupo de cativos, os tres de antes e algún máis, enfróntase ao ser e van xuntos recriminarlle que non lle van permitir seguir tratándoos así.

Na lámina, os cativos vense moi fortalecidos, mesmo crecidos. A contrariedade e o alleamento anterior mudou en seguridade e determinación. Están xuntos, tomaron a iniciativa e saben que isto vai facer cambiar a situación. Recuperar a dignidade e sentírense fortes ante os seus medos dálles un brillo alegre nas miradas.

Este ser parece ter perdido todo o seu halo de ferocidade: ante os nenos e as nenas todos xuntos é como se o seu poder e a súa identidade abusona lle esvararan da pel coma un mantel de seda esvara dunha esfera de cristal. De súpeto, é como se se desfixese toda a súa compostura: se estes seguen a ser uns cativos, por que me sinto agora amedrentado por eles?, onde ficou todo o meu poder discrecional? Atópase, xa que logo, descolocado e feble.